



Monitorización animal: cambiando o rumbo cara a granxas de leite máis eficientes e cunha mellor calidade de vida

Ser máis rendibles e traballar para vivir, non vivir para traballar: esas son as metas de calquera granxa actual e a monitorización animal é o camiño para logralo. Vémolo nas seguintes páxinas.

Juan Pedro Campillo
Marketing Global MSD Animal Health

A tecnoloxía está en todas as partes e pouco a pouco vaise introducindo nas nosas vidas case sen que nos decatemos. Por exemplo, antes para chegar a unha granxa pintábanse planos nos panos de mesa do bar da esquina e tomábanse referencias coma árbores ou naves en ruínas. Hoxe en día, temos aplicacións nas que se pon a localización do sitio ao que queremos chegar e dános alternativas para que poidamos elixir a que máis

nos gusta. Do mesmo xeito, esta tecnoloxía estase a implantar para axudar a veterinarios e gandeiros a seren máis eficientes e teren unha mellor calidade de vida. Non é unha cuestión de se vai chegar ás nosas granxas ou non, senón máis ben de cando chegará. A tecnoloxía está aquí para quedar.

QUE DESAFÍOS EXISTEN NAS GRANXAS LEITEIRAS DE HOXE EN DÍA E COMO PODE CONTRIBUÍR A MONITORIZACIÓN?

O obxectivo principal dunha explotación leiteira é ser rendible e, en ocasións, isto vólvese difícil, polo que é crucial ser o máis eficiente posible. Así mesmo, queremos traballar para vivir,

tentar ter unha calidade de vida o mellor posible para así poder conciliar o traballo diario dunha granxa coa vida persoal e familiar. Finalmente, e non menos importante, é conseguir todo isto asegurando o benestar animal e dunha forma sustentable.

Algo que ocupa moito tempo nas granxas de gando vacún leiteiro é a observación visual dos animais para poder identificar se o animal necesita algún tipo de atención. Estarán comendo ben? Esa vaca estará enferma? E esoutra: estará en celo?

Son preguntas que nos facemos cando observamos as vacas. Podemos ter intuición ou experiencia, pero non son

► A MONITORIZACIÓN ANIMAL É TER INFORMACIÓN MÁIS PRECISA DO QUE PASA NO RABAÑO PARA PODER OPTIMIZAR A EFICIENCIA DO TRABALLO E A RENDIBILIDADE DA GRANXA

datos precisos que nos permitan tomar decisións certas. A monitorización animal vai eliminar esta incerteza dando información coa que poidamos tomar decisións.

As vacas son os animais máis rutinarios que existen. A monitorización animal aprende do comportamento individual de cada un e identifica aqueles animais que cambian a súa rutina e, por tanto, aqueles que necesitan atención. A monitorización animal é ter información máis precisa do que pasa no rabaño para poder optimizar a eficiencia do traballo e a rendibilidade da granxa. Reduce a complexidade existente na granxa permitindo maior control. En definitiva, mellora a calidade de vida do gandeiro e veterinario, ao tempo que lles permite ás vacas seren vacas.

Co seu sistema de monitorización SenseHub®, MSD Animal Health son expertos en monitorización animal, con máis de 7,5 millóns de vacas monitorizadas en 48.000 granxas. A información está acumulada nunha nube e pódese acceder desde calquera dispositivo en calquera parte do mundo 24 h ao día, 7 días á semana, 365 días ao ano. Baixo a monitorización do comportamento do animal, a través de depurados algoritmos, é quen de ofrecer relevantes alertas que lle facilitan ao gandeiro ser máis eficiente, tales como identificar potenciais animais para inseminar, animais potencialmente enfermos ou grupos en estrés por calor, entre outras. ►►

SILO-SPACE2

¡UNA CAJA DE ENSILAJE DE ALTO RENDIMIENTO!



Suelo móvil con doble accionamiento: hidráulico con 2 velocidades o mecánico



Bastidor autoportante, baja el centro de gravedad para una mejor estabilidad



Tren de rodaje Hidro-Tándem (/Tridem) = estabilidad y confort de conducción



Pared frontal reclinable (ayuda a la descarga)



SCAN ME



18B

JOSKIN

MONITORIZACIÓN DA REPRODUCCIÓN

Figura 1. Exemplos de desordes do ciclo reproductivo





Figura 2. Mellora dos datos reproductivos dunha explotación de 1.500 animais tras a implementación de SenseHub®



► O PERMANENTE CONTROL DA SAÚDE A TRAVÉS DA MONITORIZACIÓN FACILITA O CONTROL SANITARIO DO RABAÑO E A REDUCCIÓN DE USO DE TRATAMENTOS, ASÍ COMO AXUDA A ANTICIPARSE AO PROBLEMA

A reprodución e a detección de celos é unha das accións que máis recursos en tempo e diñeiro se lle dedica nas explotacións de vacún leiteiro. A monitorización con SenseHub® dá unha detección precisa de celo, orienta sobre o mellor momento para inseminar o animal diferenciando se é seme normal ou sexado, optimizando a taxa de concepción, alerta dos animais con desordes reproductivas para que o veterinario poida intervir e ofrece indicadores reproductivos que permite avaliar a situación na granxa. A implementación do sistema de monitorización SenseHub® axuda a mellorar os cocientes reproductivos das granxas, como se pode ver no exemplo da figura 2.


MONITORIZACIÓN DA SAÚDE

Outra das vantaxes que pode ofrecer a monitorización dos animais é a detección temperá de animais potencialmente enfermos; ás veces, mesmo antes da aparición visible dos síntomas clínicos. Isto vai permitir a intervención temperá e, xa que logo, unha mellor resposta ao tratamento. A información obtense de maneira individualizada e a alerta de saúde vai aparecer se o índice de saúde nunha animal baixa por baixo de 86. SenseHub® chega mesmo a dar unha orientación sobre o que pode estar a pasar ao animal segundo as variacións dos parámetros medidos. Pódense ver algúns exemplos na figura 3.

► OUTRA DAS VANTAXES QUE OFRECE A MONITORIZACIÓN É A DETECCIÓN TEMPERÁ DOS ANIMAIS POTENCIALMENTE ENFERMOS, ÁS VECES MESMO ANTES DA APARICIÓN VISIBILE DOS SÍNTOMAS CLÍNICOS

O permanente control da saúde a través da monitorización facilita o control sanitario do rabaño e a redución de uso de tratamentos, así como axuda a anticiparse aos problemas. ►►

Figura 3. Representación gráfica de como aparecen as alertas de saúde de retención de placenta, metrite e mastite. A curva morada representa a ruminación; a amarela, a actividade, e a verde, a inxestión



Fotografía

tus animales
con



Alberto Medina • (+34) 669 359 279 • am2020@outlook.es





Figura 4. Representación gráfica dunha granxa na que ata un 50 % dos animais manifestan síntomas de estrés por calor



MONITORIZACIÓN DO GRUPO

A nutrición e o estrés por calor son dous aspectos que hai que xestionar no que atinxe ao grupo, xa que as decisións deben ser adaptadas á maioría.


A monitorización da nutrición melloira a eficiencia da alimentación. Consiste na medición do patrón de ruminación no grupo. Isto vains servir para poder avaliar os cambios que se poidan facer na ración e poder rectificar no caso de que estea a producir algún tipo de alteración no grupo. As alertas que dea o programa pódense utilizar para tomar decisións e detectar problemas ligados ao mal manexo, como poden ser a sobrepoboación, o picado da ración ou a introdución dun novo pasto.

Así mesmo, nun país como é España a monitorización do estrés por calor é moi importante, xa que a produción depende de que os animais estean cómodos e sen calor. O sistema de monitorización SenseHub® detecta o arquexo a tempo real e de forma retrospectiva e dános a información da porcentaxe de animais que están nunha situación de arquexo (estrés por calor). Esta información podémola utilizar para decidir se se pon ou

non un sistema de refrixeración, ou se o temos decidir cando acendelo e cando apagalo seguindo os patróns e así reducir os custos de enerxía. Na figura 4 pódese observar unha gráfica cos patróns de grupo.

A monitorización do grupo vains dar unha visión completa do que sucede na explotación e vains permitir tomar decisións no que respecta ao rabaño, optando por aquela que favoreza a maioría dos animais e baseándonos en datos. ■

▶ A TECNOLOXÍA, NESTE CASO A MONITORIZACIÓN ANIMAL, ENTRA NAS NOSAS GRANXAS PARA FACERNOS O TRABALLO MÁIS FÁCIL, VIVIR MELLOR E SER MÁIS EFICIENTES E PRODUTIVOS



SenseHub®, o teu mellor aliado

Este sistema de monitorización permite:

- Ter a información a tempo real do que sucede na túa granxa
 - Control e mellora de índices reproductivos
 - Optimización dos tratamentos hormonais e sanitarios
 - Control do benestar dos animais e da nutrición
 - Visión completa para a toma de decisións
 - Máis tempo libre para dedicar a outras cousas
- A tecnoloxía, neste caso a monitorización animal, entra nas nosas granxas para facernos o traballo máis fácil, vivir mellor e ser máis eficientes e produtivos.

